

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **20 de febreiro de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

6.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS E ÁREA BIOSAÚDABLES. EXPTE. 7524/446.

Dáse conta da proposta do 17.02.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 17 de febreiro de 2015 as 13:30 horas, entre outros, acordou:

1.- Proposta de clasificación.

- a) *Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo. (expediente 7524-446)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 09-12-2014, 11-12-2014, 27-01-2015, 10-02-2015, 13-02-2015, e 17-02-2015 ás 09:30 horas e as 13:30 horas e dos informes da xefe do servizo de Parques e Xardíns de 23-01-2015, 06-02-2015 e 13-02-2015, por unanimidade dos asistentes, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo. (expediente 7524-446)” no seguinte orde decrecente:

<i>Empresa</i>	<i>Puntos</i>
<i>FERROVIAL SERVICIOS S.A</i>	<i>98,79</i>
<i>CONTENUR S.L</i>	<i>96,39</i>
<i>EULEN S.A</i>	<i>87,33</i>
<i>IMESAPI S.A</i>	<i>56,82</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FERROVIAL SERVICIOS, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.000.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1443,85 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte de febreiro do ano dous mil quince.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.